

Papagaio

As últimas paredes



PILAR PONTE

O pasado mes de marzo a editorial Laiovento presentaba *Papagaio*, unha obra de Maribel Longueira e Luísa Villalta que tamén está patrocinada pola Deputación da Coruña e na que se dá conta da desaparición desta zona da cidade coruñesa.

A iniciativa partiu de Maribel Longueira quen, en marzo de 2001, decidiu eternizar a través da súa ollada particular a paisaxe dos últimos días de existencia e a demolición do que se coñecía como Papagaio e que constituía, aínda daquela, o barrio chinés da cidade herculina nas rúas Hospital e Tabares.

No libro preséntase unha escolma de oitenta fotografías seleccionadas entre as máis de seiscentas instantáneas que naqueles días fixera a autora. Logo chegarían os vinte poemas de Luísa Villalta e imaxes e palabras uniríanse para conformar unha soa unidade artística. Tanto a palabra como a imaxe dan unha visión moi próxima do retratado achegándose mesmo ao coloquial (“mírame pero non te empalmes demasiado antes de pagar”) e o íntimo (a fotografía das olas da páxina 62 ou a do garfo da páxina 63) nunha visión directa e sen eufemismos da realidade (“Putá / Palabra que debería ser final e non comezo”). Como xa sinala Francisco X. Fernández Naval no prólogo, este é un libro de mulleres, unha obra feita por dúas mulleres sobre un universo habitado outrora por outras mulleres. Un volume no que estas dúas coruñesas ofrecen un-

ha visión única dos berros calados das putas habitantes do Papagaio durante xeracións.

Papagaio presenta unha estrutura tripartita. A obra ábrese con “Per amores” que nos amosa fundamentalmente portas, fiestras e paredes das casas do barrio. A continuación vén “Tam en vaõ”, onde nos atopamos cos obxectos que ficaron entre as ruínas. A terceira e última parte, “E caeu..”, dá conta do derrubamento das edificacións coa entrada das escavadoras que como grandes grúas bicudas devoran as paredes noutro tempo habitadas.

Estes versos de Luísa Villalta tan certos na análise, tan reivindicativos e tan cheos de forza conmoven o lector e amósannos unha vez máis canto de valor perdemos hai dous anos
coa súa morte,
de tal



xeito que a obra se converte nunha especie de homenaxe á autora.

Papagaio ten a virtude de chegar á universalidade desde o propio, de retratar desde as rúas coruñesas un Papagaio universal e europeo presente en calquera cidade do noso ámbito cultural.

LONGUEIRA, Maribel e
VILLALTA, Luísa,
Papagaio, Ed. Laiovento,
Santiago, 2006, 104
páxinas